

# CONCELLO PLENO

## ACTA DE SESIÓN

**ÓRGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2007/08

**CARÁCTER:** ORDINARIA

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 21 de maio de 2007

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e dez minutos do día 21 de maio de 2007 reuniuse o Pleno do Concello baixo a Presidencia do Sr.Alcalde D. Balbino E.Pérez Vacas co fin de celebrar sesión ORDINARIA e coa asistencia dos Concelleiros que á marxe se expresan:

**Presidente:**

D.Balbino E.Pérez Vacas (Alcalde)  
(PSG-PSOE)

**Concelleiros presentes na sesión:**  
(PSG-PSOE)

D.Ramón López Pérez  
D.Carlos Pérez Méndez  
(BNG)  
D.Fernando Suárez Barcia.  
D.Vicente Castro Reigosa  
Dona Mari Luz Álvarez Lastra.  
(PP)  
D.Manuel Fernández Fra  
D.Elías García López  
D.Manuel ValínValdés  
D.José Duarte Díaz  
D.Pedro Tomás Fojo López

**(Concelleiro non adscrito)**

D.Santiago Fdez.-Reinante Salvatierra

**Concelleiros ausentes da sesión:**

D. José Carlos Rodríguez Andina (PP)

**Secretario Xeral:**

D.Manuel J.Díaz Sánchez

**Interventora xeral:**

D<sup>a</sup> María José Vázquez Rigueira

**2007/01/28.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 17, 24 E 28 DE ABRIL DE 2007.**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopias dos borradores das actas correspondente ás sesións que figuran no epígrafe, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou emenda algunha.

**2007/02/29.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DENDE A NÚMERO 18/2007 DE 1 DE FEBREIRO Á NÚMERO 109/2007 DE 28 DE ABRIL.**

Dase conta das resolucións da Alcaldía epigrafiadas.

Sen debatirse respecto ás mesmas o Pleno corporativo se da por enterado das Resolucións da Alcaldía de referencia.

**2007/03/30. ROGOS E PREGUNTAS.**

**Rogos e preguntas pendentes de contestación.-**

O Sr Alcalde dí ó Sr.Valín Valdés que cree que había dúas cousas pendentes, respondendo este que “ Si, creo que había dúas cousas”, dicindo tamén o Sr.Alcalde que unha delas é da Torre dos Moreno e outra mais, manifestando o Sr. Valín Valdés que “ habia unha da Lodeira, do edificio da Lodeira”.

O Sr.Alcalde contesta que esa non a viu, e o Sr.Valín Valdés lle dí que “ Pois é a mais importante de todas , casualmente.”, e o Sr.Alcalde resposta que lle vai contestar a pregunta.

O Sr.Valín Valdés: “Pois voucha ter que facer outra vez” .Toda vez que se lle contesta por parte do Sr.Alcalde que claro,o Sr.Concelleiro que está a preguntar dí que “E contestarame no próximo pleno”

O Sr.Alcalde resposta que en relación á pregunta da Torre dos Moreno, a pregunta era que xestións fixeronse, e que a pregunta é:

“¿Qué fixeron vostedes nestes catro anos sobre este tema? “

**Resposta da Alcaldía:** O Sr.Alcalde resposta o que se transcribe literalmente: “Fixeronse diferentes xestións, entre outras entidades e coa que máis se tratou foi coa Fundación Caixa Galicia. Incluso desplazouse a esta vila para ver o inmoble o Director Xeral Sr.Méndez que en compañía do Alcalde , do arquitecto municipal , do Sr.García de Paredes recorreron todo o inmoble con vistas a unha intervención total por parte da mencionada entidade.

Ao día de hoxe manteñense abertas as negociacións que van encamiñadas á cesión de parte da superficie do inmoble a cambio de rehabilitación integral, e a maiores que a propia Entidade teña a posibilidade no espazo cedido de utilización para eventos culturais.

Aparte do Concello o resto da propiedade está ao corrente destas negociacións co consentimento dado para as intervencións precisas.

De todos os xeitos, como ben saben vostedes, as xestións feitas a maiores a nivel institucional atópanse sempre co mesmo problema, que é o destino de fondos públicos a un edificio privado.

Por parte do Sr.Alcalde manifestase que esa é a primeira pregunta que tiña e a segunda era con relación a porqué non se poñía a pasarela e que o que lle di é que son cuestións que resolve o técnico municipal, según a natureza de cada obra,e que non ten mais preguntas.

O Sr. Alcalde prosegue, manifestando ao Sr. Valín Valdés que lle ten que desculpar si había outra, e que, a verdade é que foi hoxe cando se puxeron a solucionar todo isto, e que vai continuar coas contestacións das preguntas que fixo Santiago Fernández Reinante Salvatierra, e en todas as relativas ó tráfico, nas que a resposta é do Concelleiro Delegado.

Intervén o Sr. López Pérez do Grupo Municipal Socialista, como Concelleiro Delegado que dí que vai ir lendo as preguntas e resposta a continuación ás mesmas nos termos que se transcriben:

1. ¿Cántas denuncias por vandalismo e conducción temeraria fixo a Policía Local o longo desta lexislatura no Casco Urbano de Ribadeo (competencia exclusiva do Concello), tomando unicamente os fins de semana como referencia, que é o único turno que cubren os Axentes Policía Local?

O Sr. López Pérez contesta que no ano 2005 fixéronse seis e no ano 2006 fixéronse sete.

2. ¿Cantas sinais e mobiliario urbano se repoñeron? Por parte do Sr. López Pérez, respóndase que as necesarias.

3. ¿Canto teñen que esperar os cidadáns que teñan un accidente no Casco Urbano ás 7 da mañá para que apareza a Policía Local a instruír o atestado? Por parte do Sr. López Pérez respóndase que non mais de cinco minutos.

4. ¿Cantos controles preventivos de alcoholemia fixo a Policía Local en Ribadeo? Por parte do Sr. López Pérez respóndase que se realizan controis con motivo de accidentes e no ano 2005, dous, e no ano 2006, un.

5. ¿Cantos detidos ten a Policía Local o longo da lexislatura por algún tema penal? Por parte do Sr. López Pérez respóndase que as detencións son no marco de colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e se computan nas súas estatísticas ao realizar obrigatoriamente eles as dilixencias.

6. ¿Cantas denuncias tramitou a Policía Local en normativa de ruído? - competencia local-. Por parte do Sr. López Pérez respóndase que as tramitacións son do negociado correspondente, a Policía Local recolle as denuncias que se presentan.

7. ¿Cantas denuncias formulou a Policía Local por incumprir a normativa de horarios de peche? Por parte do Sr. López Pérez respóndase que quen controla é a Garda Civil por acordo da Xunta Local de Seguridade.

8. ¿Cantos controles se realizaron de consumo de alcohol por menores en establecementos? Por parte do Sr. López Pérez respóndase que os realiza a Policía Autonómica por acordos da Xunta Local de Seguridade.

9. ¿Cántas actas por consumo de drogas en vía pública? Por parte do Sr. López Pérez respóndase que se efectúa o control en colaboración coa Garda Civil - GIFA- por obriga legal.

10. ¿Cántas actas se instruíron para velar polo control de normativas de obras?, ¿de seguridade...? ¿de ocupación da vía pública...? Por parte do Sr. López Pérez respóndase que corresponde ao negociado correspondente o seu control, e no que vai de ano pasa dos cen informes.

11. ¿Cántos controles de establecimientos Públicos? Horarios, lexislación ¿Saben que existe? Por parte do Sr.López Pérez respóstase que controla a Garda Civil, por acordo da Xunta Local de Seguridade.

12. ¿Cántos controles de venda de productos? ¿Cántos controles de venda ambulante, en concreto de ocupación de espacios públicos sen autorización, (Rúa Peonil, por exemplo)? Por parte do Sr.López Pérez respóstase que todos os que se considerou necesario, se controla a venda de produto e ocupación da vía pública.

13. ¿Conta a Policía Local con algún Plan de prevención da delincuencia, vandalismo (graffitis)? Por parte do Sr.López Pérez respóstase que se realizan patrullas específicas por zonas, de botellón, etc.

14. ¿A cuántos cursos de actualización de coñecementos asistiron os membros da Policía Local de Ribadeo nestes últimos catro anos? ¿Cántos deles asistiron? (Cursos que imparte o Centro de Estudios Xudiciais e Seguridade Publica gratuitamente para os Concellos).

Por parte do Sr.López Pérez contestase que van a todos os que decide cada axente, pero obrigatoriamente, aos nove meses de academia nos novos ingresos, sendo os últimos cursos aos que foron os seguintes: Curso de reciclaxe, Normativa de tráfico e Seguridade Vial, Atestados e investigación de accidentes, xuízos rápidos, tráfico ilícito de vehículos, dereito administrativo policial, urbanismo, básico de protección do medio ambiente, procedemento sancionador en materia de tráfico, violencia no ámbito doméstico, menores, dilixencias en delitos contra a seguridade do tráfico, alcoholemia e estupefacientes e modificacións no Regulamento Xeral de Circulación de carnet por puntos.

15. Servicios realizados pola Policía Local: Identificacións, control de tráfico, dar paso nos pasos de peóns , ¿E esta a única función ó longo do día?

Respóstase polo Sr.López Pérez que a Lei de Coordinación da Policía Local de Galicia aprobada o 10 de abril de 2007 no artigo 8 fixa as súas funcións, que na medida do posible e cos medios dispoñibles para que sexan cumpridas pola Policía Local.

16. Estructura e función da Policía Local: ¿Quen a coordina ?

O Sr.López Pérez contesta que está reflectida na RPT.

17. ¿Quen supervisa a súa funcionalidade? Resposta que o Concelleiro Delegado.

18. ¿Esta coordinada con outras forzas de Seguridade? (Garda Civil-Policia Autonómica) .

Resposta o Sr.López Pérez que a través das Xuntas Locais de Seguridade e Mesas Técnicas.

19. Xunta Local de Seguridade: ¿Cantas se celebraron? Celebráronse dúas Xuntas Locais.

20. ¿Cántas mesas técnicas? Resposta que unha.

21. Vados, ¿Respéctanse? Resposta o Sr.Concelleiro que maioritariamente sí, e que os estacionamentos nos mesmos que non se respectan se sancionan.

22. ¿Qué se fai se un vehículo esta nun vado as 4 da mañá e non aparece o seu conductor? - Recordemos que non temos nin grúa nin un Policía Local que poda denunciar a ese vehículo.

O Sr.Concelleiro Delegado resposta que se hai servizo de Policía Local se actúa como recolle a lexislación vixente.

23. ¿Se é unha urxencia? Ou ¿resulta que temos competencias e non as asumimos? Resposta o Sr.Concelleiro Delegado que se actúa como respostou na pregunta anterior.

24. Os ciclomotores, ¿ Van con casco os seus usuarios?. Resposta o Sr.Concelleiro Delegado que se realizan campañas de control sobre casco nos ciclomotores.

25. Os conductores ¿Respectan as normas, que si respectan cando saen de Ribadeo? Móviles, cintos de seguridade, menores sentados correctamente, e nos lugares axeitados (so ver unha saída dos colexios na que algún vehículo parece un autobús en vez de un vehículo de 5 prazas e a Policía Local ve pero non actúa- , nin a nivel sancionador nin a nivel informativo- ¿Ten instrucións concretas para que non se informe do mesmo?

Resposta o Sr.Concelleiro Delegado que non existe instrucións para non denunciar nin para non informar.

26. Normativa de Medio Ambiente: ¿Cúmprense e faina cumprir o Concello? (no seu defecto a Policía Local), estoume a referir a cans soltos, publicidade pegada de carteis por todo-los sitios, feces de animais por toda-las beirarrúas. ¿Formulouse algunha sanción? ¿Cántas se tramitaron? ¿Cántas se rematou o expediente?

Resposta o sr.López Pérez que sí se cumpre e se remiten aos informes o Sr. Concelleiro Delegado e o Sr. Alcalde-Presidente para a tramitación dos expedientes correspondentes.

27. Á vista das respostas anteriores, ¿creen o Alcalde como máximo responsable e o Concelleiro Delegado de Tráfico e Seguridade Cidadá como tal, que cumpriron coas súas obrigas ao longo desta lexislatura en materia de Tráfico e Seguridade Cidadá?

Resposta o Sr.Concelleiro Delegado que sí o creen e que están satisfeitos tanto do seu traballo, como o da Policía Local.

Por parte do Sr.Alcalde se manifesta que, a maiores, había unha pregunta feita por D.Santiago Fernández Reinante-Salvatierra, con relación ao que decía o Sr Fernandez Reinante, cando manifesta que, detrás do Cine Teatro hai un vial cedido por un constructor e que a Lei do Sólo

di que a cesión dos viales en solo urbano terán que ser de 16 metros, e a pregunta é, si ¿canto ceden nese solo? ¿Ceden o solo o subsolo ou o voo? Ou ceden o que lles da a gana? A contestación a esa pregunta é que esta reflectido e se encontra no Estudio de Detalle que non solo foi aprobado co voto do Sr.Fernández Reinante, senón que o tivo á súa disposición, en compañía dos seus asesores cando decidiu examinalo no Concello

Por parte do Sr.Alcalde sinálase que,despois habia unha serie de 35 preguntas é das cales contestaron a 34 e a 35 , que eran as relativas os soldos do Alcalde e do primeiro Teniente de Alcalde e as relativas a esas cuestións económicas, e que as outros 33 dí que vainas contestar de seguido, que son sobre a Axenda 21 e información sobre medio ambiente ,e que as contestarán todas.

As preguntas formuladas e as respostas efectuadas son as que se transcriben de seguido:

1. ¿ En que situación encontrase a Axenda Local 21? Concretamente ¿ en qué fase de implantación?

Por parte da Alcaldía contestase que a Axenda 21 desarrollouse plenamente : prediagnóstico, diagnostico , plan de accion, priorización de accions, plan de seguimento , formación do consello da Axenda 21.

2. ¿ Convocouse o longo de esta lexislatura á Comisión de seguimento da Axenda 21?

Por parte da Alcaldía respóstase que non.

3. ¿Que actuacións leváronse a cabo nesta lexislatura para a súa implantación?

Por parte da Alcaldía respóstase que actualmente encontrase en realización , as accions priorizadas que dependen do Concello e que esta pode asumir, como as seguintes:

- Creación de infraestructuras e dotación de medios para a xestión de residuos : instaláronse novos contenedores un total de 100 contenedores de RSU, 60 contenedores amarillos e 30 de papel e carton, ademais de 10 contenedores Sanecan.
- Sensibilización ós cidadans sobre a recollida selectiva: Campaña de sensibilizacion no 2006 realizáronse unha en colaboración con Ecoembes, Xornadas Ambientales , Actividades para os Colexios e nenos na Casa da Ría, actividades de reciclaxe na Praia durante o ano de 2005 . No ano 2004 realizáronse dous cursos de xestión de residuos dirixidos a construción e sector agrario.
- No proceso de modificación da lei de ruidos para instalar dispositivos que limiten a contaminación acústica.
- Limpeza de puntos de vertido incontrolado durante o 2006 encontrouse un foco e se procedeu a súa desaparición.
- Desenrolo do plan urbanístico coherente co desenvolvemento sostible do Municipio : En fase de aprobación.
- Mellora das infraestructuras existentes turísticas a través do PDT.
- Implantación de Sistema de xestión ambiental certificado por EMAS
- Obtención de subvencións para varias asociacións de veciños para recuperacións medioambientais.
- Peonalización de varias rúas e urbanización de varias prazas.
- Mellora da rede do alcantarillado e saneamento.
- Cambio de tuberías de plomo.
- Promoción dunha Escola Obradoiro
- O Concello de Ribadeo publicou unha Ordenanza Municipal que contén o Regulamento de funcionamento do Consello da Axenda 21 Local , publicada no BOP Nº 112,do 19 de maio de 2004.
- O 20 de xuño de 2004 convocouse a reunión do Consello da Axenda 21 Local

4. ¿ En que situación encontrase o Proxecto Municipio Turístico Sostible?

Por parte da Alcaldía contestase que o proxecto Municipio Turístico Sostible, no concernente á implantación do EMAS encontráse xa realizado e certificado dende xuño do 2006, o pasado día 15 de marzo pasaron unha auditoría de certificación para ampliar o

alcance do sistema, incluíndo dentro dese, Parques e Xardíns, limpeza viaria , recollida de residuos sólidos urbanos e xestión do Punto Limpo.

5. O pasado mes de xuño de 2005 finalizou a vixencia do Plan Municipal de Residuos. Ribadeo era xunto a La Coruña los dos únicos municipios de Galicia que contaban con un Plan Municipal de Residuos propio. ¿ Evaluouse o seu periodo de vixencia 2000-05)? ¿ Que conclusións sacáronse ?¿Elaborouse por parte do Sr Delegado de Medio Ambiente (do Sr Alcalde, neste caso) un novo plan Municipal de Residuos e limpeza viaria para substituír o anterior?

Por parte da Alcaldía respóndase que durante o mes de xuño fíxose unha petición á Consellería de Medio Ambiente para unha dotación de 11.500 euros para a renovación de este plan de residuos. No obstante a pesar de non haberse feita efectiva polo momento, cos informes facilitados por Ecoembes e as súas recomendacións fixéronse planificacións reubicando contenedores e facilitando máis unidades nos sitios indicados.

6. ¿Que “planning” diario, semanal e mensual utilizan os actuais traballadores do servizo municipal de limpeza viaria?

Por parte da Alcaldía respóndase que o capataz de Medio Ambiente distribúe os traballos a realizar semanalmente entre os operarios de limpeza segun as necesidades do pobo. Facendo as inspeccións necesarias.

7. ¿En cantas ocasións procedeuse o longo da presente lexislatura a lavar os contenedores de RSU, bolsa amarela, vidro e papel-cartón da vía pública?

Polo menos unha vez o ano laváronse todos e os de RSU e amarelos dúas veces

Por parte da Alcaldía respóndase tamén que os de papel cartón non é necesario o seu lavado, en caso de haber encontrado sucio algún lavouse cando se realizou o de RSU.

8. ¿Cantos dípticos informativos enviáronse ós domicilios, para mellorar os índices da recollida selectiva o longo da presente lexislatura?

Por parte da Alcaldía respóndase que repartiuse durante unha campaña realizada en novembro 1000 trípticos informativos sobre a recollida selectiva.

Añadiuse información de recollida de contenedor amarelo sobre os propios contenedores en forma de pegatina.

Repartíronse calendarios , pegatinas e roupa informando sobre recollida selectiva durante dita campaña.

Nas actividades realizadas durante o 2005 e 2006 na casa da Ría realizáronse talleres para os nenos de colexios sobre reciclaxe e recollida selectiva.

9. ¿Cal é a porcentaxe de impropios da bolsa amarela na última caracterización realizada?¿ Non é certo que se aproximaba ó 50% ? ¿Sabe vostede cal era esa porcentaxe en maio de 2003?

Por parte da Alcaldía respóndase que durante o ano 2006 foi aproximadamente do 40%, motivo polo cal iniciáronse estas campañas de concienciación ó cidadano e dotáronse de máis medios en forma de contenedores ó municipio.

Efectivamente cobrase polo % de impropios.

10. ¿ Penalízase o Concello polo alto porcentaxe de impropios?

Por parte da Alcaldía respóndase que o pago de impropios traspasase á empresa adjudicataria como responsable da xestión de este residuo , sen embargo o concello non se libera desa responsabilidade como ente de servizo ós cidadanos , da concienciación cidadan.

11. ¿É certo que se quere traspasar esta responsabilidade á empresa encargada da recollida da bolsa amarela(así figuraba no prego de condicións do concurso sacado recentemente)?

Por parte da Alcaldía respóntase que a empresa adxudicataria realizará polo tanto as tarefas que considere necesarias para a redución de impropios, aunque sexa o concello o que tamen pode realizar tarefas de concienciación , as cales se programaran o longo do ano (Charlas en colexios e tense tamen tripticos de Ecoembes)

12. ¿En cantas ocasións recolléronse as pilas dos contenedores, que existen a tal efecto nas tendas de venta de pilas o longo da presente lexislatura?

Por parte da Alcaldía respóntase que a penúltima entrega realizouse o 17/02/06 con unha cantidade de 1000 kg en pilas. A última entrega de pilas realizouse en decembro de 2006 con unha cantidade de 300 kg.

13. ¿É certo cas que entregan os propios comerciantes no Concello , almacénanse no sotano do mesmo e non se recollen polo reciclador correspondente? ¿ Cal foron as dúas últimas veces que se recolleron?(Pódese comprobar nos albarans de recollida do reciclador e data de entrada no libro de rexistro do Concello?

Por parte da Alcaldía respóntase que as pilas sempre se recollen e se envía ó reciclador e xestor autorizado correspondente. As pilas se almacenan temporalmente no Concello tras a súa recollida para levalas ó xestor autorizado cando existe unha cantidade considerable das mesmas. A entrega realizouse a través do punto limpo a PMA.

14. ¿En cantas ocasións encendeuse a chimenea de combustión de gas metano emanado do antigo vertedoiro municipal, a lo longo desta lexislatura?

Non se contesta esta pregunta pola Alcaldía

15. ¿En cantas vaciouse a balsa de lixiviados do antigo vertedoiro municipal, o longo da presente lexislatura?

Non se contesta esta pregunta pola Alcaldía.

16. No primeiro ano de apertura da Casa da Ría pasaron por as súas instalacións máis de 10.000 persoas e realizáronse cursos de Astronomía no observatorio astronómico.¿Cantas persoas pasaron pola Casa da Ría no último ano? ¿ Non é certo que permanece cerrado ó público? ¿Cantos cursos de astronomía realizáronse na presente lexislatura?

Por parte da Alcaldía respóntase que durante o 2006 pasaron os alumnos pertencentes a 10 colexios da zona, unhas 1000 participantes en actividades desenroladas especificamente para eles, dende charlas e visitas guiadas sobre a Ría de Ribadeo, a administración solar, talleres medioambientais e de reciclaxe exposicións de fauna e flora , etiquetado das especies de árboles do Monte de Santa Cruz. A maiores durante o ano pasaron visitante e veraneantes alleos aos colexios.

Na Casa da Ría arraxouse a cúpula recentemente e en canto ós cursos de astronomía e o seu uso a este respecto esta cedido polo acordo a unha Asociación Cultural Ribadense.

17. ¿Cantos participantes acudiron á última edición das Xornadas Ambientais da nosa localidade, celebradas no mes de novembro pasado?

Por parte da Alcaldía respóntase que durante o presente ano asistiron un total de 56 asistentes, ao longo de elas.

18. Ó finalizar a lexislatura anterior , deixáronnos programada a VIII edición con todo o programa cerrado? ¿Previuse algo, programación, datas, para a edición do presente ano(XII edición)?

Por parte da Alcaldía respóntase que para o presente ano esta programado a realización no mes de setembro -outubro. A programación como sempre ronda sobre temas de



desenvolvemento sostible e ambiental de acordo ás preferencias dos asistentes durante os últimos anos. O programa non está pechado, posto que os poñentes nas últimas xornadas son expertos en diferentes campos ambientais, non en un único só e por suposto ata uns meses antes da súa celebración non se concretan. Non se pode cerrar o programa sin ter os presupostos establecidos para tales efectos. Durante estes anos diversificáronse os temas e se pretende realizar tamén dentro do contexto da Axenda 21, desestacionalizar as visitas ofrecendo actividades diversas e culturais o longo de todo o ano e non só en verán.

Con relación a unha serie de preguntas sobre os muiños.

19. ¿Porque non se construíu o muiño de vento nos terreos que no seu día cedeu gratuitamente Don Víctor Navarro en Ove ó Concello para construír unha repica do de O Treixo? É certo que esos terreos revertiron ó antigo propietario e o Concello os perdeu, simplemente porque non se construíu o mencionado muiño no prazo dado polo propietario?

Por parte da Alcaldía respóndase que porque non foi unha decisión prioritaria para este goberno e polo tanto descoñece nestos momentos a situación de reversión deste terreo hacia o seu antigo propietario.

20. ¿Xestións realizouse no Ministerio de Medio Ambiente para a execución do proxecto de recuperación da ruta do antigo Tren Minero de Vilaodríz?

Por parte da Alcaldía contestase que se mantivo unha entrevista co Secretario do Estado para a Biodiversidade do Ministerio de Medio Ambiente, Antonio Serrano o que entregouelle o proxecto para a súa execución.

21. ¿En que situación encóntranse os traballos iniciados de limpeza e desbroze da mesma ruta (na altura de Rego da Viña)?

Por parte da Alcaldía contestase que unha vez acabados os traballos que se realizaron con cargo ao presuposto municipal non se voltou a facer ningún tipo de intervención.

22. ¿Iniciou o Concello os trámites para facerse dono dos terreos,?

Por parte da Alcaldía contéstase que non.

23. ¿En que situación encontrase a recuperación do antigo muiño das Aceñas, o proxecto é da lexislatura anterior?

Por parte da Alcaldía contestase que atopase incluído para a súa execución no proxecto denominado “recuperación medioambiental da ensenada da Vilavella, senda peonil de conexión coas Aceas e rehabilitación de muiños de marea e de regato” que será financiada por a Demarcación de Costas do Estado.

24. ¿En que situación encontrase a recuperación do antigo muiño de regato en Ove, o proxecto tamén é da lexislatura anterior, cónstame igualmente? Aquí incluso chegou a firmar un compromiso de financiación por parte da Consellería de Medio Ambiente?

Por parte da Alcaldía se dí que esta pregunta está contestada na anterior.

25. ¿Cantas rutas de senderismo realizáronse (acondicionado, sinalizado...) o longo da presente lexislatura? ¿Conserváronse sequera as existentes (realizouse algunha actuación)?

Por parte da Alcaldía contestase que non se fixo ningunha

26. No Auditorio de Cabanela na actualidade un rexistro da rede de sumidoiros rebosa constantemente augas fecais ...

Por parte da Alcaldía se contesta que sí ten coñecemento e se está tratando de subsanar.

27. Con respecto á rede de sumidoiros, ¿ aténdense as peticións dos veciños para subsanar deficiencias tales como olores, carencia de sifóns , etc? ¿ En qué prazos?

Por parte da Alcaldía contestase que é competencia da empresa concesionaria AQUAGUEST á que se lle comunican todas as deficiencias en canto son detectados ou informado o Concello.

28. ¿Cúmprese a normativa de seguridade nas obras que realiza o propio Concello en concreto na Rúa San Lázaro?

Por parte da Alcaldía contestase que nas rúas do Concello evidentemente, pero o Concello de Ribadeo non realiza ningunha obra na rúa San Lázaro senon a Sociedade de Xestión do Xacobeo.

29. ¿É coñecedor o Delegado de Obras de que algúns dos traballadores da empresa que realizou as obras da Rúa San Francisco , estaban contratados de forma ilegal, traballando sábados e domingos sen cobrar horas extraordinarias e se lles quería pagar esta obra cando realizasen a seguinte?

Por parte da Alcaldía contestase que non, que non era coñecedor.

30. ¿Cantas prazas de aparcamento definitivas (aparcamentos) construíu (están en funcionamento) na presente lexislatura a Delegación de Obras antes de peatonalizar as rúas Reinante e San Francisco? ¿ E despois?

Por parte da Alcaldía contéstase que estanse realizando un estudo pormenorizado para cando se remate o proceso de peonalización das diferentes rúas.

31. ¿ Non é certo que o convenio firmado coa Xunta, que se ratificou co Centro Comercial Aberto, decía que primeiro había que facer as prazas de aparcamento e despois peatonalizar?

Por parte da Alcaldía contéstase que descoñecen en que parte do convenio se plantexan eses termos manifestados polo Concelleiro .

32. ¿Cantas prazas de aparcamento suprimíronse na presente lexislatura?

Por parte da Alcaldía contestase que todas as necesarias nas rúas peatonalizadas para poder humanizar esa zona.

33. ¿Cree que se beneficiou o pequeno comercio?¿En que?

Por parte da Alcaldía contestase que en dispoñer de maior espazo e maior tranquilidade para poder realizar as compras.

Manifesta o Sr.Alcalde que esas son todas as preguntas que había dos anteriores plenos, e que se abre un novo turno.

#### **Preguntas novas formuladas na sesión.-**

Por parte do Sr.Alcalde , tras sinalarse que esas son todas as preguntas que había dos anteriores plenos, manifestase que agora abren un novo turno por si algún Concelleiro quere realizar a súa participación neste apartado.

Intervén o Sr.Valín Valdés que dí:” Ben, agradecerlle a información tan detallada sobre o que se fixo na Torre dos Moreno, unha pena que non dea tempo a facer algo mais, e supoño que o Sr Suarez Barcia estaría enterado, antes de esto , porque ese apartado que aparece nun programa electoral da compra da Torre dos Moreno igual se contradice neste momento intentar equipararse a Caixa Galicia ,....., igual non é eso . Bueno entrando xa no tema, a pregunta, que non me contestou , como lla ía volver a facer outra vez , pois deixo para despois.

En primeiro lugar, a miña pregunta e ¿que nivel de cumprimento tenen a día de hoxe os seguintes acordos que se adoptaron no último pleno?. Empezo polo primeiro.

Realización de convenio coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a posta en marcha dun conservatorio de grao medio co mantemento da actual Escola de música.”

O Sr. Alcalde lle dí que contesta no seguinte pleno.

O Sr.Valín Valdés á súa vez dí que” Bueno , agradeceríalle si é posible... , pero por dous motivos. En primeiro lugar porque vai a ser o último pleno ordinario o cual vou asistir eu, polo menos nos 4 próximos anos, nos catro próximos anos, e por outra banda pois non sei si o seguinte Alcalde que esteña vai ter a obrigaón ou vai a ter o coñecemento sobre os temas que ten vostede , sobre estos tema.”

Por parte do Sr.Alcalde sinalase que vai falar e que lle vai deixar un informe exhaustivo de todo o que queda pendiente deste mandato , para que poida tomar posesión e ter coñecemento de todas as demandas sin resolver , e que se plantexaron a traves do Partido Popular.

O Sr.Valín Valdés pola súa parte sinala que “ Bien, entonces eu farei as preguntas.... E procurarei a traves dos meus compañeiros , porque deixanas sen facer, como é un compromiso co Partido Popular “

O Sr.Alcalde contesta que como así aconteceu hasta agora.

O Sr.Valín Valdés dí que: “O que pasa , como son unha serie de acordos , acordados no pleno e non sabemos nada mais e creo que importante. Bueno, o segundo é a exposición pública da documentación do actual PXOM e coa incorporación de todas as modificacións realizadas a raíz do informe remitido pola Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia”

Por parte do Sr.Alcalde se pregunta que como, e a que se refire.

O Sr.Valín Valdés dí que “: Si, si. E o segundo acordo que se aprobou no Pleno anterior.”

O Sr.Alcalde pide ó Sr.Valín Valdés que lle faga outra vez a pregunta e que non se enterou moi ben.

O Sr.Valín Valdés, a sua vez dí: “Vamos a ver”.

O Sr.Alcalde dí que é un acordo de facer a exposición pública.

O sr. Valín Valdés dí ó Sr.Alcalde que:” Non, vamos a ver. Que nivel de cumprimento ten o seguinte acordo. Vamos a ver eu collin a acta, e teño aquí, ningún problema se di exposición pública de documentación actual do PXOM con a incorporación de todas as modificacións efectuadas a raíz do informe remitido pola Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia.”

O Sr.Alcalde contesta que a esa sí que pode contestar, porque estan a día de hoxe pendentes de recibir un informe desa propia Dirección Xeral de Urbanismo á que lle fixeron seguir o acordo adoptado polo Pleno, e que xa di que estan pendentes de recibir ese informe , e estan tambien pendentes de obter, que esta a punto de rematarse, senon que lle corrixa o Sr. Secretario , outro por parte dos Servicios Técnicos Municipais donde se vai a poder comprobar o xa manifestado pola Alcaldía naquel Pleno de que non hai dentro do que é o procedemento administrativo, lugar para qué aconteza eso, e hai un recurso de reposición plantexado que esperan que a próxima corporación traiga ó pleno.

O Sr. Valín Valdés dí de seguido que “ Ben, o terceiro e tamen o nivel de cumprimento que ten acadado a adopción da medida aquela, que según o punto de vista do Partido Popular e de algun concelleiro do grupo non adscrito a ningún grupo, ¿dun concelleiro que non cobra?Supoño que esto,non sei que categoría lle da o Sr Alcalde, en varias ocasións “

OSr. Alcalde lle dí que do grupo, non adscrito , e a que ten.

O Sr.Valín Valdés dí :” Xa, non adscrito a ningún grupo. E....tomouse unha medida de retirarlle o sueldo , enton queremos unha medida de retirarlle o sueldo, enton queremos saber si siguen cobrando do Concello, ou si non, si cumpriron o acordo.”

O Sr.Alcalde contesta que sí, que ese foi o que cumpriron con mais gusto tanto o primeiro Teniente Alcalde como el mesmo, e que están sin soldo, e que cree recordar desde as 12:00 horas seguintes o acordo plenario , ¿correcto?

O Sr.Valín Valdés resposta que: ”¡Perfecto!”

Volta a intervir o Sr.Alcalde que dí que están moi agradecidos e lle gustaria tamen que constara en acta, desá, iniciativa do Partido Popular. Creo que lle apoia tamen o seu compañeiro desá loable iniciativa.

O Sr.Valín Valdés dí que “ Ben cada un sabe, que é responsable dos seus actos , e o día 27 vai a poder comprobar o efecto, que según vostede polo que intuio e moi positivo para vostede, queda unha semana, seguramente nestes oito días xa...”

O Sr.Alcalde pola súa parte sinala que non se manifestou en ningún sentido nin en positivo nin en negativo, e que o que si o vai a poder comprobar e o que está a falar e non o Sr.Valín Valdés.

O Sr.Valín Valdés, pola súa parte dí que:” Home como son cidadano de este pobo e concelleiro , creo que hasta o día 16 de xuño..., deste mesmo ano. Pasa que a partir dese momento eu durante catro anos deixo a vida municipal e igual a outros que lle fan deixar a Alcaldía, vale? O da vida municipal e o do traballo hai 4 anos que o deixou.”

O Sr.Alcalde pidelle que continúe facendo preguntas.

O Sr.Valín Valdés pola súa parte dí que: “Vale, perfecto!.Ben , imos a reiterar como eu quería, non quereda marcharme sin que me contestaran coas facilidades que me dan nestos temas, pois non son as axeitadas baixo o meu punto de vista ,vou a volver a repetir varias preguntas para que ¡bueno!, no proximo pleno, o próximo Alcalde teña información , si é do Partido Popular xa me encargarei, moi moito , de que investiguen os temas que eu vou a preguntar a partir de agora ; volvemos sobre o vertedoiro de inertes. A día de hoxe non temos datos definitivos, foron solicitados de xeito reiterado por parte do grupo municipal do Partido Popular, certa documentación, e repito a día de hoxe non temos todos os papeles que pedimos , porque parece ser que non obran no Concello. O que si esta claro e que pola documentación que temos , aínda hai pouco que me deron parte da documentación, os vertidos son moitos e os ingresos son poucos. Dadas as inexistencias en sucesivas ocasións que trouxemos o pleno sobre este tema a falta de documentación que parece ser que hai no Concello, eu, en ningún momento ,afirmaría que me oculten documentación ou que non ma queren entregar, non o entendo, e levamos con este tema pois sete ou oito meses , tres preguntas concretas. ¿Hai algo que ocultar? Eu sei que son moi reiterativo, pero ¿hai algo que ocultar para non dar información completa sobre este tema ¿ . ¿Vai a tomar algunha medida o respecto o Sr Alcalde? Dado que estamos decindo que hai moitos vertidos e hai poucos ingresos, de polo menos intentar constatar si esto é certo, e si é así , pois non sei , depurar responsabilidades a quen seña,ben a empresa , ben a quen crea conveniente , lóxicamente dentro dunha actitude xusta, non? Ben gustaríame saber, ¿cal é a opinión do socio do goberno? Neste caso.”

O Sr.Alcalde á súa vez pregunta ó Sr.Valín Valdés ¿A opinión do socio do goberno con relación a que?

O Sr.Valín Valdés responde que: “A este mesmo tema”.

Por parte do Sr. Alcalde se reitera: “ ¿O tema de que..? ¿Pero cal é a pregunta para o socio do goberno? ”

O Sr.Valín Valdés aclara que: “ A mesma que para o Alcalde, e que aquí hai dous Alcaldes e como as veces contradicense...”

O Sr.Alcalde dille que é igual e que lle vai contestar.

O Sr.Valín Valdés dí que: “Perfecto”, e o Sr.Alcalde respóstalle que a primeira resposta é que non e a segunda que esta constatado, e a terceira é que non lle cede a palabra ao Primeiro Tenente de Alcalde.

O Sr.Valín Valdés repregunta: “ ¿Pero está constatado o que?”.

O Sr.Alcalde dille que está constatado, e é a contestación que lle da á seguinte pregunta que lle fixo.

O Sr.Valín Valdés repite a pregunta: “Pero está constatado o que “.

O Sr.Alcalde dí cal é a segunda pregunta que lle fixo.

O Sr.Valín Valdés dí: “Vai tomar algunha medida ao respecto para intentar averiguar,¿esta constatado? ¿qué esta constatado?”

O Sr.Alcalde dí que esa é a resposta que lle da, e o Sr.Valín Valdés dille que: “ Esa é a pregunta que lle fago. Non entendo o que me dice.”

O Sr.Alcalde dille que quere que lle faga, e se é tan corto...

O Sr.Valín Valdés dille ao Sr.Alcalde que: “ Non entendo o que me dice.”

O Sr.Alcalde reitéralle o dito e o Sr.Valín Valdés dille: “Por favor , eu pedirialle que non me insultara, vale? ” , ao que o Sr.Alcalde replica que non cree que corto sexa ningún insulto.

O Sr.Valín Valdés a súa vez dí: “vale , eu creo que sí”, e o Sr.Alcalde lle dí que é cuestión de criterio e que da por contestada a pregunta, manifestándolle o Sr.Valín ao Sr.Alcalde que: “entonces dame a sensación que ten algo que ocultar”, e o Sr.Alcalde replícalle que lle segue dicindo que é unha sensación súa.

De seguido o Sr.Valín Valdés pregunta ao Sr.Alcalde sobre a ocupación de vía pública no edificio de Avda. de Asturias-Luz Pozo Garza”.

O Sr.Alcalde pregunta se se refire a Avda.Asturias e o Sr.Valín dí que se refire a Luz Pozo Garza e que “se non me entende pídame que llo explique outra vez.”

O Sr.Alcalde dille que se dedique a facer as preguntas; o Sr.Valín Valdés refírese de seguido a que “ na rúa Luz Pozo Garza - Avda.Asturias, nun edificio que ten nos baixos, que ten un supermercado non sei si con ou sin licencia, pero ten un supermercado, de actividade, levamos denunciando que non nos cuadran as cifras do que paga por ocupación de vía pública, para empezar ten permanentemente desde que empezou a obra pechado un vial que une , pois a Avda de América o entorno da Virxe do Camiño, coa Avda de Asturias.Repito, non nos coincide para nada o que tería que pagar por esa ocupación con o que paga esa empresa .

Primeira pregunta: ¿ ten algo que ocultar o Alcalde para non darnos os datos que pedimos ata dia de hoy , porque seguimos sin ter a documentación completa.”

O Sr.Alcalde dí que a resposta é que non.

Volta a formular unha pregunta o Sr.Valín Valdés do seguinte tenor: “Vai tomar algunha medida porque esto si que esta constatado de que non paga o que ten que pagar.”

O Sr.Alcalde contesta que non,non esta constatado o que manifesta o Sr.Valín Valdés e que esa é a resposta, e se ten máis preguntas.

O Sr.Valín Valdés dí que: “Si, non esta constatado é porque o Alcalde non se preocupa, non se preocupa e ten que facer cumprir como todos , e esto chámase, chamase trato de favor.”

O Sr.Alcalde dí que xa lle contestou.

O Sr.Valín Valdés dí que é: “Trato de favor, e gustárame que constara en acta que o Alcalde ten o trato de favor si é verdade o que dí ahí. Hai trato de favor hacia esa empresa.”

O Sr.Alcalde replícalle ao Sr.Valín Valdés que eso é a súa manifestación , o Alcalde nega que teña ningún trato de favor nin con ese veciño, nin con ningún outro.

De seguido formúlase polo Sr.Valín Valdés unha nova pregunta: ¿ Que ten que decir o respecto o seu socio de goberno, porque, repito aquí hai dous Alcaldes, cada un tira por unha banda fanse....cando queren , e as maiorías das veces están en liortas, ¿ten algo que decir o respecto? .

O Sr.Alcalde resposta que sí, que ten dicir que hai un solo Alcalde e a resposta a pregunta que fai non ten nada que decir o Primeiro tenente Alcalde.

O Sr.Valín Valdés dí que: “ Perfecto. Outro edificio. Este esta detrás do Teatro, sabese o que hai ali, que hai unha rúa que vai ser publica ou semipublica , non sei como e o tema ese, o mesmo , ocupan, campan as súas anchas, ocupan a vía pública como queren por Calvo Sotelo, por Rosalía de Castro, o que queren, e non coinciden para nada os ingresos co que ten que pagar esta empresa , ou o que pagou, precisamente polo que tenia que pagar por ocupación de vía pública. As miñas preguntas: ¿ten algo que ocultar o Alcalde para non darnos esa documentación?”

O Sr.Alcalde dí que non.

O Sr.Valín Valdés volta a preguntar: “ ¿Vai a tomar algunha medida para constatar que o que estamos decindo é certo?”

O Sr.Alcalde contéstalle que está constatado que non é certo o que dí o Sr.Valín Valdés.

O Sr.Valín Valdés formula unha nova pregunta “ ¿Qué ten que decir o seu socio de goberno ante esto? “

O Sr.Alcalde contesta que nada, porque as preguntas dirixense á Alcaldía, e a resposta e que non ten nada que decir.

Prosegue intervindo o Sr.Valín Valdés que dí que: “Bien, Seguimos co tema, outra obra, a da Lodeira. Eu estou convencido de que cada dia mais non se olvidou de contestarme , non lle interesa contestarme.”

O Sr.Alcalde pídelle que faga as preguntas directamente , sen comentarios, por favor.

O Sr.Valín dí ao Sr.Alcalde:” Vamos a ver, si lle fago unha pregunta e non ma contesta poderei decir o que me parece, no?”

O Sr.Alcalde dille que lle está contestando todo.

O Sr.Valín Valdés dí que: “ No, no, vostede non contestou.”

O Sr.Alcalde replícalle que o Sr.Valín Valdés está dicindo o que lle parece e lle aconsella que faga directamente as preguntas.-

O Sr.Valín Valdés replica:” Eu dígolle que vostede....”

O sr.Alcalde dí ó Sr.Valín que volta a repetirlle que faga directamente a pregunta que quere que lle conteste, respondendo éste que “ Si, vou facer a pregunta”, e o Sr.Alcalde que a faga sin ningún comentario.

O Sr.Valín Valdés dí que” Pero usted non me vai a retirar a palabra é menos no ultimo pleno da lexislatura.”, replicando o Sr.Alcalde que está moi equivocado .

O Sr.Valín Valdés pola súa parte dí: ”Vamos a ver, hai tempo presentou un escrito a empresa que esta facendo un edificio na Lodeira, que esta precintado e paradas as obras, ademais saliu vostede o outro día nos medios de comunicación decindo que estaba parada a obra, que non traballaban ali o cual me parece moi ben, debe ser que o ve vostede solo; eu preguntei por un escrito no cal parece ser que nese escrito lle decian que como as plantas legais , para que me entenda eran a baixo , a primeira e a segunda e iban a seguir traballando nesa, e na terceira que non existe, eu creo que non deberia existir pois non se podería facer , pois non ian traballar , entonces eu preguntáballe no pleno anterior, ¿ qué lle contestou a ese escrito o Concello?”

O Sr.Alcalde respóstalle que esa pregunta a contesta no próximo, e o Sr.Valín Valdés dí : ”Bien,¿sabe o Alcalde que estan a traballar na actualidade nesa obra?”, respostando este que non.

O Sr.Valín Valdés pregunta : “ Non, non sabe?” e o Sr.Alcalde di que non.

O Sr.Valín Valdés dí de seguido:” Entonces volvolle facer un rogo, por favor, non teña trato de favor hacia un veciño deste pueblo, neste caso, igual que no anterior , o Alcalde con alevosía e premeditación ten un trato de favor e esta facendo unha inxusticia sobre todo con outra serie de veciños que cumpren perfectamente as súas obrigas. Sabe perfectamente o Alcalde que estan traballando ali, sabe que, posiblemente con o consentimento do Alcalde ademais siguen traballando ali e non fai nada eso chamase trato de favor.”

O Sr.Alcalde resposta que non acepta o rogo, e volve a manifestar que non ten ningun trato de favor nin con ese nin con ningun outro veciño.

O Sr.Valín Valdés dí :” Esa e unha opinión do Alcalde, nada mais”, e o Sr.Alcalde dille que perfectamente.

O Sr.Valín Valdés dí:”Claro que si”, e o Sr.Alcalde que outra é a súa, o que a súa vez replica o Sr.Valín Valdés que “ Claro que si. Pero son constatacións.”e que “Estan traballando e sabeo”

O Sr.Alcalde pide ao Concelleiro que pregunte e este dí:” Non pagan impuestos e vostedes sabeo , verten no vertedoiro e usted consinte”.O sr.Alcalde lle reitera que pregunte.

O Sr.Valín Valdés dí:”Sesenta millóns de pesetas”e dí “E perdóaslo”.”E vostede consinteo , e vostede consinteo”.

O Sr.Alcalde dí ó Sr.Valín Valdés que lle roga que se cinga ao apartado do orden do día que é rogos e preguntas, e que faga a pregunta.

O Sr.Valín Valdés dí ó Sr.Alcalde:” Vostede sabe que teño razon e vostede si. E vaillo demostrar o próximo alcalde, acórdese que llo digo , vaillo demostrar e vai ter que dar contas.”

O Sr.Alcalde chama a atención ao Sr.Valín.

Por parte do Sr.Valín Valdés proséguese afirmando que: “ E falando de outro edificio , que tamen xa adianto que como xa vai decir que non hai aumento de volumen, e que no no hai. Xa digo que hai trato de favor personalísimo do Alcalde. É o cuarto.”

O Sr.Alcalde lle dí que fixo unha pregunta.

O Sr.Valín Valdés dí que : “Xa llo digo, antes de empezar, e denunciámos nunha ocasión que había aumento de volumen , pedimoslle, fixenlle un rogo e ademais esta aquí na acta esa que vostede non lee nunca, pero esta aquí e donde dice que por suposto vai a comprobar si hai aumento de volumen , ¿ fixeronse comprobacións por parte dos tecnicos municipales?.”

O Sr.Alcalde resposta que a licencia de obra está axustada a todos os permisos concedidos e iso é o que resposta.

O Sr.Valín Valdés repregunta: “ ¿Podese aumentar volumen ahi na Atalaia?¿si?.

O Sr.Alcalde resposta que non , que a licencia do que se está facendo é sobre o proxecto presentado , e co visto e prace de Patrimonio.

O Sr.Valín Valdés dí que: “ Bueno, pois. O ultimo rogo , xa e como vai ser o ultimo da miña intervención ,nos proximos 4 anos, eu pedirialle o Alcalde que por favor cambie de actitude , ao mellor son eu o que lle fai reaccionar asi, como non vou a estar nos proximos catro anos, que cambie de actitude, que trate a todo el mundo por igual , e que ademais non trate con evasivas, estase pasando tres pueblos ademas como si fose a sua casa o Concello, e vostede sabe que ademais o 27 pois o mellor.... O domingo que ven , sin ir mais lonxe ao mellor se lle acaba o choio.”

O Sr.Alcalde pregunta que rogo efectúa, e dí que o choio xa se lle acabou.

O Sr.Fernández-Reinante dí que ten dúas preguntas, e formula a primeira, na que afirma que respecto do vial ese que se falaba antes, cedido no edificio Rosalia de Castro o do famoso convenio , e queria saber si hai prazas de aparcamento ali, debaixo do vial cedido.

O Sr.Alcalde respóstalle que hai todo o que figura no Estudio de Detalle contemplado.

O Sr.Fernández Reinante dí que o Estudio de Detalle contempla o subsolo de ese vial, é privado dos promotores.

O Sr.Alcalde preguntalle ao Sr.Fernández-Reinante se afirma ou pregunta, e este resposta que non, que pregunta; e o Sr.Alcalde dí que descoñece iso.

O Sr.Reinante replícalle que si é así pode haber unha situación manifestamente ilegal.

O Sr.Alcalde indícalle que él mesmo.

O Sr.Fernández-Reinante dí que o feito de que el votara a favor dese convenio non quere decir que despois os promotores fan o que lles dea a gana.

O Sr.Alcalde dí que non , que teñen que facer o que está aprobado e ben sabe que é así.

O Sr.Reinante pregunta se non se sabe si hai prazas de aparcamento baixo ese solo, e o Sr.Alcalde contesta que non o sabe e o que sabe é que se ten que axustar á licenza concedida e pregunta ao Sr.Fernández Reinante que que é o que lle pregunta.

O Sr.Fernández-Reinante pregunta, ¿e se non é non pasa nada.?

O Sr.Alcalde pregunta ao Sr.Fernández Reinante que é o que lle pregunta , que sí , sí pasa como con todo, que sempre pasa, como cando gobernaba o Sr.Fernández-Reinante que sí pasa.

Tercia o Sr.Valín Valdés que dí que : “ Como a Lodeira, ¿viches?”

O Sr.Alcalde dille ao Sr.Valín Valdés que non está no uso da palabra, e o Sr.Valín Valdés resposta que : “Ahora xa é igual, eche o mesmo, eche exactamente o mesmo.”

O Sr.Alcalde pregunta aos asistentes se teñen algunha pregunta máis que formular, e de seguido ao non formularse ningunha, manifesta que para rematar este ultimo pleno deste mandato, quere agradecerlle a todos os que participaron, con as súas aportacións o que foi , de tratar de facer un Ribadeo mellor para todos, e aumentar a calidade de vida de todos os veciños , e que lle gustaria despedirse de todos os que son candidatos hasta este domingo , e



desexarlle a mellor sorte a todos, e non hai nada mais claro que o que dicen para un político nas urnas.

Ou sexa que moitas gracias e ata o luns.

E sen máis asuntos que tratar e sendo as vinteunha horas o Sr.Alcalde levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,